



PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL 2018
Reserva Mariña de Interese Pesqueiro
“Os Miñarzos”

INTRODUCCIÓN

1. OS DATOS XERAIS

1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do plan de xestión

1.2.1. Elaboración, tramitación e aprobación

1.2.2. Modificación

1.3. A vixencia do Plan de Xestión

1.4. O órgano de xestión, seguimento e control

1.4.1. Composición

1.4.2. Funcións

2. A ORDENACIÓN NA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO (Remip)

2.1. A descrición do espazo

2.1.1. Localización

2.1.2. Delimitación e zonificación

2.1.3. As reservas integrais

2.1.3.1. Limitacións de uso nas reservas integrais

2.1.4. Descrición e análise das zonas de pesca

2.1.5. Descrición e análise das zonas de marisqueo

2.2. A descrición das artes que se utilizan na Remip

2.3. As medidas de xestión

2.3.1. Pesqueira da nécora (*Necora puber*)

2.3.2. Pesqueira do camarón (*Palaemon serratus*)

2.3.3. Pesqueira da centola (*Maja brachydactyla*)

2.3.4. Pesqueira do polbo (*Octopus vulgaris*)

2.3.5. Pesqueira do choco (*Sepia officinalis*)

2.3.6. Pesqueira da raia (*Raja* spp)

2.3.7. Peixes de rocha: sargo (*Diplodus sargus*, *Diplodus vulgaris*) e maragota/pinto (*Labrus bergylta*)

2.3.8. Peixes demersais: faneca (*Trisopterus luscus*), pescada (*Merluccius merluccius*), badexo (*Pollachius pollachius*)

2.3.9. Pesqueira do congro (*Conger conger*)

2.3.10. Pesqueira da sardiña (*Sardina pilchardus*)

2.3.11. Pesqueira do percebe (*Pollicipes pollicipes*)

2.3.12. Pesqueira do ourizo (*Paracentrotus lividus*)

2.3.13. Pesqueira do berberecho (*Cerastoderma edule*) e ameixa fina (*Ruditapes decussatus*)

2.3.14. Pesqueira do longueirón (*Ensis siliqua*)

2.3.15. Pesqueira da lapa (*Patella* spp)

2.3.16. Pesqueira da mexilla: semente de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*)

2.3.17. Pesqueira dos poliquetos (*Lumbrineris impatiens*, *Hediste diversicolor*, *Arenicola marina*)

3. AS MEDIDAS DE CONTROL NA RESERVA

3.1. O control das entradas e saídas

3.2. O control das descargas

3.3. O protocolo do punto de control

INTRODUCCIÓN

A reserva mariña de interese pesqueiro (en adiante Remip) “Os Miñarzos” é a primeira reserva mariña deseñada polos propios pescadores a través dunha proposta formulada pola comunidade de pescadores de Lira á administración pesqueira autonómica de Galicia. Este feito é indicativo da súa importancia no contexto dos modelos organizativos sustentables en ecoloxía humana. Nós, os pescadores, pensamos que esta particularidade é esencial, xa que o alto grao de implicación, consenso e colaboración dos pescadores nos proxectos de xestión minimiza os conflitos que xorden noutras áreas mariñas protexidas, facilitando a aceptación e o cumprimento das normas. Defendemos, polo tanto, os dereitos territoriais e de acceso aos caladoiros que historicamente a flota artesanal ven explotando dende hai moitos anos, así como un dereito básico como é a conxestión dos recursos mariños.

Este documento ven a ser, polo tanto, un reflexo do que dende a súa fundación en 1986, o Colectivo Internacional de Apoio ao Pescador Artesanal (CIAPA- ICSF), defende: “a pesca con base en comunidades de pequena escala representa a forma máis eficaz de lograr unha pesca caracterizada pola equidade social e económica e a sustentabilidade medioambiental, un obxectivo que non pode alcanzarse a menos que os pescadores se involucren de forma adecuada nun proceso de consulta e de participación activa nos mecanismos de toma de decisións”.

No 2008 a FAO organiza a Conferencia Mundial sobre a Pesca a Pequena Escala, na que máis de 100 delegados de 36 países, representantes da pesca artesanal, das comunidades indíxenas e das organizacións de apoio ao sector, subscribiron a Declaración de Bangkok sobre Pesca a Pequena Escala. Nela se afirma que os dereitos humanos das comunidades pesqueiras son indivisibles, e que o desenvolvemento dunhas pesqueiras artesanais e sustentables só pode acadarse mediante unha abordaxe integrada dos seus dereitos civís, sociais, económicos e culturais.

En marzo de 2009 o Comité de Pesca da FAO (COFI) abordou o tema da pesca artesanal, ou pesca a pequena escala, sobre a que se tomaron varias decisións: o establecemento dun programa de traballo dedicado á pesca a pequena escala, a inclusión dun capítulo especificamente consagrado ao tema no Código de Conduta sobre a Pesca Responsable da FAO, e a preparación dun Plan de Acción Internacional para a Pesca a Pequena Escala.

En abril de 2009 a Comisión Europea, a fin de elaborar o Libro Verde sobre a Pesca, brinda unha excelente oportunidade para que os pescadores a pequena escala e as comunidades pesqueiras artesanais da UE participen activamente na reforma da Política Pesqueira Común (PPC) presentando os seus puntos de vista.

O 28 de setembro de 2009 representantes da pesca artesanal da UE, de organizacións non gobernamentais, especialistas e investigadores reuníronse nun seminario para participar na elaboración da reforma da PPC da UE e a pesca a pequena escala declarando “o seu compromiso co uso sustentable dos recursos pesqueiros e medio ambientais así como un trato xusto e un recoñecemento adecuado para que este sector sexa viable, sustentable e cun futuro máis prometedor.”

Entre as conclusións dese seminario, nas que está a traballar o Colectivo Internacional de Apoio ao Pescador Artesanal, atópanse algúns dos obxectivos que se pretenden acadar con este documento:

“1. Aplicar a cada sector pesqueiro un enfoque diferenciado de xestión que lle permita resolver os seus propios problemas de regulación; de xeito que se un sector necesita reducir a súa capacidade, os demais non se vexan obrigados a perder oportunidades de pesca, de emprego ou outros beneficios noutros sectores máis sustentables.

2. Aplicar o principio de subsidiariedade ao manexo da pesca artesanal, asegurando que os sistemas de xestión da información e de toma de decisións incorporen e se guíen polo coñecemento, a experiencia local e as prácticas recomendables baseadas na experiencia.

3. Dar valor aos coñecementos pesqueiros, ecolóxicos e oceanográficos locais e fomentar a colaboración e o intercambio de información entre pescadores e científicos, a fin de facilitar a toma de decisións informadas no ámbito pesqueiro.

4. Implantar plans de xestión e outras medidas de recuperación dos recursos, como as áreas mariñas protexidas de interese pesqueiro, tomando como punto de partida as boas prácticas¹ xa establecidas, partindo das demandas dos pescadores ou mariscadoras locais de pequena escala e as súas comunidades, e garantindo a protección dos seus dereitos de acceso. Tales medidas deben deseñarse de xeito que sexa posible facerlles un seguimento dende o punto de vista biolóxico e social, para poder medir a súa eficacia socioeconómica e biolóxica no tempo.”

Dentro da clasificación da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) a Remip-Os Miñarzos queda encadrada na Categoría VI: Área Protexida con Recursos Manexados. A cal, atendendo ás súas características e aos obxectivos que se perseguen coa súa designación, definiríase coma un “Área protexida xestionada principalmente para o uso sustentable dos ecosistemas naturais”. Área que contén predominantemente sistemas naturais non modificados, que é obxecto de actividades de manexo para garantir a protección e o mantemento da diversidade biolóxica a longo prazo, proporcionando ao mesmo tempo un fluxo sustentable de produtos naturais e servizos para satisfacer as necesidades da comunidade”.

Tras tres anos de traballo dos pescadores artesanais da comunidade pesqueira de Lira, a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos tivo o seu reflexo normativo no Decreto 87/2007 do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, no que quedan definidos os elementos esenciais que van determinar o funcionamento da reserva, co obxecto de proporcionar unha ferramenta de xestión que asegure o uso sustentable dos recursos no entorno do ecosistema mariño, e cunha filosofía de participación do sector pesqueiro.

A ferramenta de xestión recóllese no Decreto 87/2007 do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008 do 2 de outubro, no seu artigo 6º bis, no que se establece que o réxime de xestión da reserva se desenvolverá no marco dun Plan de Xestión que trate de forma conxunta e integrada todos os recursos mariños da zona delimitada pola Remip Os Miñarzos.

¹ Entre las iniciativas destacables en este ámbito se encuentran las *Prud'hommes* (cofradías de pesca) del Mediterráneo francés, las **reservas de interés Pesquero de Lira y Cedeira en el Noroeste español, la Reserva Marina de interés Pesquero de la Restinga – Mar de las Calmas**, el Parque Nacional Marítimo de Iroise en la costa occidental de Francia y el Acuerdo de Pesca de Bajura del Canal de la Mancha entre Francia, Bélgica y el Reino Unido, o el Acuerdo de Nasas de Devon (Sur de Inglaterra).

Toda actividade profesional, tanto pesqueira coma marisqueira, que se vaia desenvolver dentro da reserva mariña queda suxeita ás medidas adoptadas neste Plan de Xestión Integral, en concreto as mencionadas no Decreto 87/2007 do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008 do 2 de outubro:

- a) a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente usados na zona: anzois, nasas, artes de enmalle, gancho para centola; nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de Xestión Integral;
- b) a recollida de ourizos, navallas, poliquetos, anémonas, percebes, peneiras ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral;
- c) o marisqueo a pé e a recollida de algas;
- d) a recollida de mexilla, que unicamente se poderá realizar mediante acordo entre as confrarías de pescadores do ámbito da reserva mariña e os concesionarios de bateas ou liñas de cultivo.

Para asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no decreto de creación da reserva, constitúese un órgano colexiado para a xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco). Na composición deste órgano vese representado o 50% por pescadores artesanais e o outro 50% por representantes da Administración, sen prexuízo de que nel participen, en función dos temas a tratar, outros actores que se poidan ver implicados na propia xestión da Remip (técnicos, seguimento científico, etc.).

OS DATOS XERAIS

1.1. Os obxectivos do Plan de Xestión

A través do Plan de Xestión, e dentro da Remip Os Miñarzos, perséguese os seguintes obxectivos:

1. protexer e favorecer a rexeneración dos recursos pesqueiros.
2. impulsar a pesca e o desenvolvemento sustentable.
3. favorecer os estudos científicos sobre as medidas de protección dos recursos e xestión das pesqueiras.

1.2. A elaboración, aprobación e modificación do Plan de Xestión

1.2.1. Elaboración, tramitación e aprobación

1º. Este Plan de Xestión xurde dun documento-proposta inicial elaborado polos titulares de permisos que os habilitan para exercer a actividade pesqueira e marisqueira incluídos no censo da Remip *Os Miñarzos* a través da Resolución do 3 de novembro de 2011 (DOG nº 233, do 7 de decembro de 2011), para comentario público, e con base nas reunións mantidas cos distintos sectores produtivos cuxas actividades desenvolvéronse habitualmente no ámbito da reserva dos Miñarzos durante 2013.

2º. A consulta do documento cos censados na reserva pode facerse a través de dous posibles mecanismos:

a) O documento de proposta do Plan de Xestión é enviado ás entidades asociativas para a consulta daqueles dos seus socios incluídos no censo da reserva;

b) mediante convocatoria de asembleas dos distintos sectores de produción, de todos os censados.

3º. A súa conformidade ou as posibles alegacións remítense a secretaría do Oxesco xunto con copia da acta da reunión cos censados, nun prazo de 7 días naturais.

4º. O Oxesco reúnese e á vista dos informes técnicos e tralas deliberacións oportunas emite informe sobre a proposta presentada para a súa remisión á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Así mesmo, igual que no ano anterior, non se elaborou un plan polo sector, polo que se propón prorrogar o plan de xestión aprobado de oficio pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica no ano 2017 logo do informe do Oxesco, coas modificacións das datas que correspondan ás artes e períodos de extracción das especies para o ano 2018, así como o recordatorio das medidas de control establecidas, así como a incorporación das novas medidas de control, unha vez rematada a instalación dos sistemas de localización nas embarcacións, incluídas no censo definitivo de embarcacións autorizadas para traballar na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos aprobado mediante RESOLUCIÓN do 8 de agosto de 2016 da Conselleira do Mar (DOG nº 157, do 22 de agosto de 2016).

5º. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica aproba o Plan de Xestión

6º. Unha vez aprobado, daráselle publicidade ao Plan para coñecemento dos usuarios e da cidadanía.

1.2.2. Modificación

Toda proposta de modificación do Plan deberá trasladarse ao Oxesco, cuxos membros, unha vez informados, poderán solicitar a convocatoria do órgano, se así o consideran, pola transcendencia da modificación proposta.

Así, como regra xeral o procedemento é o seguinte:

1º. Remisión das propostas de modificación á secretaría do Oxesco.

2º. A secretaría do Oxesco enviará as propostas aos diferentes membros do órgano.

3º. Os vogais do órgano remitirán a súa contestación á secretaría do Oxesco, que as fará chegar á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, para que se dite a resolución que corresponda, de ser o caso, ou se convoque ao Oxesco.

1.3. A vixencia do Plan de Xestión

O Plan de Xestión terá vixencia anual dende o día **1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018.**

A súa **renovación anual** será discutida na convocatoria ordinaria do Oxesco que

coincida co final do período de vixencia, podéndose prorrogar automaticamente, de ser o caso, ata a seguinte convocatoria do órgano.

1.4. O órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco)

1.4.1. Composición

O Oxesco ten a súa sede no porto de Lira.

Está constituído por oito membros designados pola Conselleira competente en pesca:

- a) tres membros representando á Consellería competente en materia pesqueira;
- b) un representante da Consellería de Medio Ambiente;
- c) catro membros en representación das entidades do sector pesqueiro, dos cales dous membros son propostos pola confraría de pescadores de Lira e outros dous propostos pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

O Oxesco reunirse en réxime ordinario dúas veces ao ano, preferentemente en marzo e outubro, e cantas veces o propoña o seu presidente ou o soliciten dous dos seus membros.

1.4.2. Funcións

O Oxesco ten asignadas as funcións descritas no artigo 9º do Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro):

- a) a xestión da reserva mariña en todos os elementos previstos no Decreto 87/2007, do 12 de abril;
- b) o seguimento da evolución e estado da reserva mariña no cumprimento dos seus obxectivos pesqueiros e de conservación da flora e fauna mariñas;
- c) propoñerlle á Administración competente as limitacións á navegación e fondeo de embarcacións e outros artefactos no ámbito da reserva;
- d) informar da reserva mariña e dos seus resultados aos pescadores, mariscadores, sectores afectados e ao público en xeral.

Ademais, dentro das funcións enumeradas, realizará as seguintes actuacións específicas:

- a) supervisar e coordinar as actividades do persoal asignado á xestión, seguimento e control da reserva;
- b) emitir informe no procedemento de elaboración e actualización do censo de embarcacións autorizadas a faenar na reserva;
- c) informar o programa de seguimento científico da reserva con anterioridade á súa aprobación, e coordinar o seu desenvolvemento;
- d) propoñer a realización de actividades de formación, información e divulgación en relación coa reserva;
- e) aprobar o plan anual de actuacións;
- f) propoñer e/ou informar as propostas de modificación da normativa e condicións de uso dos espazos da reserva;
- g) elevar informes anuais sobre a situación da reserva e da súa evolución.

2. A ORDENACIÓN NA Remip

No caso dos recursos para os que existan plans de explotación aprobados xestionaranse baixo as condicións establecidas nos correspondentes plans de explotación.

2.1. A DESCRICIÓN DO ESPAZO

2.1.1. Localización

A Remip “Os Miñarzos” localízase dentro das augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, no extremo meridional do seo de Corcubión, na provincia da Coruña.

É unha área de pesca aberta ao Océano Atlántico, salpicada por multitude de baixíos e pequenos illotes rochosos que lle confiren á zona unhas características topográficas e ecolóxicas moi específicas

2.1.2. Delimitación e zonificación

O Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, recolle no seus artigos 3º e 4º os límites tanto da Remip coma das áreas declaradas reservas integrais (Fig. 1).

A Remip “Os Miñarzos” esténdese pola zona comprendida entre a liña que delimita por terra a zona marítimo-terrestre, dende punta Raposeiros ata a desembocadura do río Larada, e a poligonal recta definida polos puntos xeográficos seguintes (DATUM WGS-84), abrangendo un total de 2.074,2 ha (figura 1).

Referencias toponímicas	Latitude	Lonxitude
<i>Punta Larada</i>	42° 50,408' N	09° 06,359' W
<i>Cuberto</i>	42° 49,608' N	09° 09,535' W
<i>Miñarciño</i>	42° 48,608' N	09° 10,490' W
<i>Miñarzos</i>	42° 47,843' N	09° 10,640' W
<i>Cabezo Figueroa</i>	42° 47,072' N	09° 09,647' W
<i>Lombo da Campa</i>	42° 47,151' N	09° 07,872' W

Dentro do ámbito da reserva mariña delimítanse dúas áreas de reserva integral, constituídas pola porción daquela comprendida entre a liña que delimita por terra a zona marítimo-terrestre e a poligonal recta que definen os puntos xeográficos seguintes (DATUM WGS-84):

A reserva integral norte, cun total de 78,8 ha:

Referencias toponímicas	Latitude	Lonxitude
<i>Os Carreiros</i>	42° 48,549' N	09° 07,104' W
<i>A Araña</i>	42° 49,244' N	09° 06,645' W
<i>Baixada do Vilar</i>	42° 49,230' N	09° 06,341' W

A reserva integral sur, cun total de 61,3 ha:

Referencias toponímicas	Latitude	Lonxitude
<i>Punta Angueiro</i>	42° 48,135' N	09° 08,973' W
<i>A Coca</i>	42° 48,398' N	09° 08,939' W
<i>Esquina campo de futbol</i>	42° 48,191' N	09° 08,362' W

Establécense **dúas areas nas que estará prohibida a pesca, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas** durante a vixencia deste plan.

a) A primeira estaría delimitada pola liña imaxinaria que se forma entre Punta Angueiro e a Coca, na reserva integral sur, e as perpendiculares formadas entre esta liña imaxinaria e as puntas nordeste e sur da illa de Angueiro.

b) A segunda quedaría delimitada pola liña imaxinaria formada polo punto denominado Carreiros e a Araña, na reserva integral norte, e as perpendiculares que se forman entre esta liña a Marsiosa de terra e a punta suroeste da Illa dos Carreiros.




Fig. 1 : Limites da Remip "Os Miñarzos"

O ámbito da confraría de pescadores de Lira esténdese pola liña de costa dende punta Larada ata punta Insua, polo que hai unha porción que queda fóra da zona delimitada como reserva mariña; concretamente, a comprendida entre Lombo da Campa e punta Insua. Para facilitar a ordenación dos recursos marisqueiros (percebe, ourizo, lapa, mexilla e poliquetos) **o ámbito deste Plan de Xestión será o seguinte: de punta Larada ata punta Insua.**

2.1.3. As reservas integrais

A designación das dúas zonas de reserva integral responde á existencia nelas de hábitats especialmente produtivos: dende fondos de area fina, sen outro tipo de substrato nin comunidade vexetal (reserva integral norte), ata fondos rochosos heteroxéneos con abundancia de comunidades de algas (reserva integral sur).

2.1.3.1. Limitacións de uso nas reservas integrais.

Dentro das áreas de reserva integral queda prohibida a práctica da pesca marítima, a extracción de fauna e flora e a realización de actividades subacuáticas.

Exceptúanse aquelas actividades e toma de mostras destinadas a fins científicos ou para o seguimento da reserva, sempre coa autorización previa da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, logo do informe do Oxesco (art. 6º do Decreto 87/2007, do 12 de abril, modificado polo Decreto 240/2008 do 2 de outubro).

2.1.4. Descrición e análise das zonas de pesca.

Os pescadores teñen un coñecemento moi detallado do mar no que traballan, tanto do medio físico como do comportamento das especies que capturan, é o que se denomina coñecemento ecolóxico local tradicional. Coa intención de seguir aproveitando este coñecemento, propúxose a delimitación de zonas de pesca no ámbito da reserva, quedando establecidas tres zonas (figura 2).

Con esta zonificación preténdese, por unha parte, facilitar o rexistro da actividade realizada na reserva, xa que os mariñeiros poden identificar perfectamente cada zona co seu topónimo e, por outra, vai permitir que se separen as capturas segundo as zonas establecidas e, deste xeito, coñecer se existen diferenzas de produción entre zonas, ou diferenzas no tamaño das especies.




Fig. 2 : zonas de pesca na Remij "Os Miñarzos"

Zona 1: “*Por dentro*”, que inclúe a zona de por terra dos Forcados, por terra da Laxa dos Forcados, A Fos, Pedra Pás, Corniños, punta do muelle, punta Rebordelo, Mar de Lira, Sasebe, Corveiro e Caixido.

É unha zona abrigada, na que se traballa sobre todo en inverno, aínda que pode ser utilizada tamén o resto do ano, dependendo sobre todo do tamaño da embarcación. Nesta zona captúrase polbo, camarón e nécora, que adoita ser máis abundante nas zonas preto da costa. Tamén conta con zonas moi propicias para a captura de lumbrigante.

Zona 2: “*Os baixos*”, que inclúe a zona de por fóra dos Forcados, Os Cubertos, Rama, Miñarciño, As Olgas, Os Cachazos, Os Miñarzos, Libureiro, Angueiro e punta dos Remedios.

Zona formada por unha serie de baixos que son moi adecuados para captura do polbo. Nela predomina o ambiente rochoso alternando con zonas de limpo. En épocas de verán adoita ser habitual que se largue o aparello máis preto dos baixos que nas épocas invernaís.

Zona 3: “*A costa*”, inclúe O Seixo, Punta Cabalar, O Cabezo de Figueiroa, Ximprón, Ardeleiro e o Lombo da Campa.

Está formada por ambientes rochosos e areosos e é moi propicia para a captura de polbo e nécora; esta última é máis abundante nas zonas próximas á costa.

2.1.5. Descrición e análise das zonas de marisqueo (figura 3)

Zona A: da boca do río a Maceiras, praia da Lagoa e lagoa de Carrofeito.

Zona B: de Maceiras (sur da praia de Carnota) á esquina do campo de fútbol. (Nesta zona inclúese a **Praia de portocubelo**).

Zona C: da esquina do campo de fútbol á O Curro.

Zona D: do Curro ata punta Raposeiros (Lombo da Campa).

Zona E: baixos denominados Miñarzos, Seixo, Liboreiro, petón de Cabalar, pedra de Ardeleiro, punta de Prouso Rubio, laxiñas da Illa, As Roncadoras e Seixiño da Cruz.

Zona F: baixos denominados Coca, Corbeiro, Corniños, pedra Pas, laxa Mar de Lira, A Marsiosa, Mexilloeira, illa dos Carreiros e As Laxiñas.

Zona G: baixos denominados Forcados, petóns dos Forcados e illa de Angueiro.




Fig. 3 : Zonas de marisqueo na Remip "Os Miñarzos"

2.2. A DESCRICIÓN DAS ARTES QUE SE UTILIZAN NA Remip

Unha embarcación pode traballar cunha mesma arte ou aparello nunha mesma xornada no interior e no exterior da Remip. Para certas artes e especies as normas que se aplican no interior da reserva difiren coas do resto do territorio, en canto a número de aparellos e topes máximos permitidos.

Cando isto suceda establécese coma **norma xeral** que o cómputo total do número máximo de aparellos ou pezas, e das lonxitudes máximas totais dos aparellos e pezas caladas, e das cotas máximas de captura das especies permitidas e dos tamaños mínimos, tanto faendo dentro da Remip como fóra ao mesmo tempo, non superarán o máximo establecido no ámbito da Remip.

Cómpre recordar a clasificación das embarcacións, segundo o arqueo, establecido no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Tipo I: embarcacións menores de 1,50 TRB o 1,00 GT.
- Tipo II: embarcacións entre 1,50 TRB ou 1,00 GT e 2,49 TRB ou 1,74 GT.
- Tipo III: embarcacións entre 2,50 TRB ou 1,75 GT e 4,99 TRB ou 4,24 GT.
- Tipo IV: embarcacións entre 5,00 TRB ou 4,25 GT e 7,49 TRB ou 7,49 GT.
- Tipo V: embarcacións entre 7,50 TRB ou 7,50 GT e 9,99 TRB ou 9,99 GT.
- Tipo VI: embarcacións entre 10,00 TRB ou 10,00 GT e 19,99 TRB ou 19,99 GT.
- Tipo VII: embarcacións de 20,00 TRB ou 20,00 GT, ou maiores.

Nasa pechada

- Características: trampa de forma cilíndrica cunha lonxitude entre 400 e 500 mm, diámetro lateral entre 300 e 350 mm e unha boca de entrada cun diámetro interior entre 120 e 160 mm. Se o recubrimento da nasa é de material ríxido, o lado do cadrado dos ocos non será inferior a 10 mm; se o recubrimento é de rede, o tamaño mínimo de malla será de 16 mm. Cada nasa pode levar unha ou dúas bolsas para carnada.
- Réxime de calado: Nas épocas de veda das especies cara as que se orienta a captura principal das nasas, estas deberán ser levantadas e transportadas á terra, e permanecer almacenadas nos lugares destinados a este fin.

Para a captura de polbo:

- Horario de uso da arte: de luns a venres de 07:00 a 17:00, podendo quedar caladas diariamente.
- Descanso semanal: das 17:00 horas do venres a 07:00 horas do luns, podendo quedar caladas durante a fin de semana.
- Capturas incidentais: axustarse ao disposto no plan de xestión do polbo para a Comunidade Autónoma de Galicia
- Número de nasas / embarcación: axustaranse ao disposto na normativa vixente para a Comunidade Autónoma de Galicia
- Impacto da arte sobre o medio: mínimo.
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “nasa polbo” no seu permiso.

Para a captura de nécora e camarón

- Horario de uso da arte: o lance será nocturno. A actividade desenvolverase dende dúas horas antes do ocaso do domingo ata dúas horas despois do orto do venres.
- Descanso semanal: dende dúas horas despois do orto do venres ata dúas horas antes do ocaso do domingo.
- Capturas incidentais: as especies acompañantes terán que cumprir cos tamaños mínimos esixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lle sexan de aplicación.
- Número de nasas / embarcación:
 - *Tipo I e II* : 50 nasas por embarcación e 50 máis por tripulante, ata un máximo de 150 nasas
 - *Tipo III*: 100 nasas por embarcación e 50 máis por tripulante, ata un máximo de 250 nasas
 - *Tipos IV, V, VI e VII*: 150 nasas por embarcación e 50 máis por tripulante, ata un máximo de 350 nasas.
- Impacto da arte sobre o medio: mínimo.
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “nasa nécora” ou “nasa nécora e camarón” no seu permiso, ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade.

Nasa de centola

- Características: trampa de forma cilíndrica cunha lonxitude entre 500 e 550 mm, unha altura entre 400 e 450 mm e unha boca de entrada cun diámetro interior máximo de 250 mm. A nasa é de armazón de variñas de ferro, madeira ou aceiro, e sen envoltura de rede, a separación entre variñas será de 55 mm. Cando estea recuberta de rede, a malla mínima será de 90 mm e cando este recuberta de outro material o lado do cadrado dos ocos non será inferior a 50 mm
- Período permitido para o uso desta arte (2018): Período autorizado para a pesqueira da centola na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Horario de uso da arte: O horario de traballo será diúrno das 06:00 as 16:00 h. As nasas deberán retirarse do mar diariamente.
- Descanso semanal: Das 16:00 do venres as 06:00 do luns. As nasas deberán ser levantadas e levadas a terra unha vez cumprido o horario de traballo do venres.
- Número de nasas por embarcación e por tripulante enrolado e a bordo:
As nasas serán largadas de forma que constitúan caceas. O conxunto delas por embarcación non excederá de 2.000 m. O número máximo é o que se indica a continuación:
 - *Tipo I e II* : 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 80 nasas
 - *Tipo III:* 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 100 nasas
 - *Tipo IV:* 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 120 nasas
 - *Tipos V, VI e VII:* 40 nasas por embarcación e 20 máis por tripulante, ata un máximo de 140 nasas.

Non obstante, e tendo en conta as dimensións de cada unha das nasas e para os efectos de seguranza, o número de nasas por embarcación será adaptado ao número máximo posible transportable por esta, respectando todas as normas de seguranza establecidas na normativa vixente.

- Impacto da arte sobre o medio: mínimo
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “nasa para centola” no seu permiso, ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade.
- Capturas incidentais: A porcentaxe de pesca accidental con esta arte non poderá superar o 20 % en peso do total diario das capturas retidas a bordo. As especies acompañantes terán que cumprir cos tamaños mínimos esixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Miños

- Características: arte de enmalle formado por 3 panos de rede. As mallas dos panos exteriores serán de 500 mm e a do pano interior de 100 mm. Cada peza mide 50 m de longo e de 1, 8 a 3 m de alto.
- Horario de uso da arte: Cada 24 horas os miños deberán ser levantados do seu calado para recoller as capturas e evitar o seu deterioro.
- Descanso semanal: deberá ser levantada e retirada do seu calado antes das 14:00 h. do venres, tendo que estar as embarcacións no porto antes das 15:00 h. As embarcacións poderán saír do porto a partir das 09:00 do domingo podendo ser calada a partir das 10:00 h., pero non poderá ser levantada antes do luns ás 06:00 h., debendo regresar as embarcacións a porto e permanecer nel durante ese período.

- Número de pezas por embarcación:
 - *Tipos I e II:* 30 pezas
 - *Tipo III:* 65 pezas
 - *Tipo IV, V, VI e VII:* 90 pezas.
- Impacto da arte sobre o medio: medio
- Embarcacións: as incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “miños” no seu permiso, ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade.

Vetas

- Características: arte de enmalle formado por un só pano de rede cunha malla mínima que non será inferior a 60 mm. Para a captura de linguado (*Solea spp.*) e pescada (*Merluccius merluccius*) en porcentaxe superior á permitida (30% da captura total) segundo o Regulamento (CE) núm. 850/1998, do Consello do 30 de marzo de 1998, a malla será como mínimo de 80 mm. Cada peza terá unhas dimensións de 50 m de longo e 3 m de alto, como máximo.
- Horario de uso da arte: diúrno, pode ser calada 2 horas antes do orto e levantarse ata como máximo 2 horas despois do ocaso, sendo levantada e transportada a porto diariamente na embarcación.
- Descanso semanal: Dende 2 horas despois do ocaso do venres ata 2 horas antes do orto do luns.
- Número de pezas por embarcación:
 - *Tipos I e II:* 30 pezas
 - *Tipo III :* 65 pezas
 - *Tipo IV, V, VI e VII:* 90 pezas
- Impacto da arte sobre o medio: medio
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “vetas” no seu permiso.

Raeiras

- Características: arte de enmalle que está formada por un só pano de rede cunha malla mínima de 280 mm. Cada peza ten unha lonxitude máxima de 50 m e unha altura máxima de 2 metros.
- Período permitido para o uso desta arte (2018): Período autorizado para a extracción de centola na Comunidade Autónoma de Galicia
- Horario de uso da arte : o mesmo horario que o establecido para os miños.
- Descanso semanal: o mesmo que o establecido para os miños.
- Número de pezas por embarcación:
 - *Tipos I e II:* 30 pezas
 - *Tipo III :* 65 pezas
 - *Tipo IV, V, VI e VII:* 90 pezas
- Impacto da arte sobre o medio: medio
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de “raeiras” no seu permiso, ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal de modalidade para esta arte.

Trasmallos

- Características: arte de enmalle formado por 3 panos de rede, os dous panos exteriores cunha malla comprendida entre 400-500 mm. e a do pano central entre 70-90 mm. Cada peza ten como dimensións máximas 50 m de longo e 2,50 m de alto.

- Horario de uso da arte: O horario de uso da arte poderá ser diúrno ou nocturno, excluíntes entre si.
No horario de traballo diúrno, o calamento do trasmallo poderá realizarse dúas horas antes do orto e levantarase como máximo dúas horas despois do ocaso, no horario nocturno, o calamento poderá realizarse dúas horas antes do ocaso e levantarase como máximo dúas horas despois do orto, debendo, en ambos os dous casos, transportarse ao porto coa embarcación.
- Descanso semanal: Non poderán quedar caladas nin permanecer no mar dende as 12 horas do venres as 12 horas do domingo.
- Número de pezas por embarcación:
 - *Tipos I e II:* 30 pezas
 - *Tipo III :* 65 pezas
 - *Tipo IV, V, VI e VII:* 90 pezas
- Impacto da arte sobre o medio: medio
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “trasmallos” no seu permiso, ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade.

Xeito

- Características: arte de enmalle de deriva que está constituída por un pano rectangular estendido entre dúas trallas; a superior, que conta cun sistema de flotación por boias que permite un calado a profundidade variable, e a inferior que está lastrada con chumbos. Debe permanecer unido á embarcación mediante un cabo de lonxitude variable, quedando o outro extremo libre. A dimensión da malla estará comprendida entre 23 e 40 mm. A altura da arte non poderá exceder os 16 m. A lonxitude de cada peza non superará os 70 m, cunha lonxitude de 100 m co pano estirado.
- Período permitido de uso desta arte (2018): Dende o 1 de maio ao 29 de setembro.
- Horario de uso da arte: Das 12:00 horas do luns ás 12:00 horas do sábado.
- Descanso semanal: Das 12:00 horas do sábado ás 12:00 horas do luns.
- Impacto da arte sobre o medio: non se observa.
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “xeito” no seu permiso ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade.
- O uso desta arte: queda supeditado ao establecido na normativa comunitaria ao respecto.

Bicheiro ou forquilla (“gancho”)

- Características: arte de pesca que se utiliza para a captura de centola, consiste nun gancho con dous dentes provisto dunha vara que pode ter diferentes lonxitudes segundo a profundidade á que se traballe. A separación entre dentes, na parte máis estreita, varía entre 120 e 135 mm. Poderase empregar como elementos auxiliares espello e trueiro.
- Horario de uso: diúrno.
- Descanso semanal: Dende o ocaso do venres ata o orto do luns
- Impacto sobre o medio: non se observa
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “bicheiro” no seu permiso ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade. Só no suposto de que a embarcación estea rexistrada á modalidade de bicheiro e as condicións meteorolóxicas non sexan axeitadas para o emprego deste útil e non fose posible comunicar o cambio do rexistro antes das 10.00 horas, poderase alternar na mesma xornada o uso do bicheiro coa da nasa centola, no caso de contar con estas modalidades no permiso de explotación.

Liña / cordel

- Características: constituído por un o varios anzois.
- Descanso semanal: Dende as 24:00 horas do venres ata as 24:00 do domingo
- Impacto da arte sobre o medio: mínimo.
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa arte de liña/cordel” no seu permiso, ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal de modalidade para esta arte.
- Observacións: as embarcacións que rexistren actividade para esta modalidade estarán autorizadas a utilizar durante o período que permaneza rexistrado ata 10 nasas como máximo para a captura de cebo, [patexo (*Polybius henslowi*) patulate (*Liocarcinus depurator*) e conguito (*Liocarcinus corrugatus*)]. As nasas serán pechadas e de características estruturais similares ás da nasa nécora-camarón. Os exemplares capturados serán para uso propio, non podendo ser destinados á vendas. As capturas accidentais doutras especies terán que ser devoltas ao mar.

Palangre de fondo

- Características: constituído por unha tralla, denominada madre, cunha lonxitude máxima de 5.000 m do que parten cabos máis finos, denominados brazoladas, ás que se empatan os anzois. O número máximo de anzois é de 2.000, tendo unha distancia mínima entre brazoladas de 2,50 m
- Descanso semanal: Dende as 16:00 horas do venres ata as 16:00 do domingo, excepto para a captura da pescada que será dende as 24:00 horas do venres ata as 24:00 horas do domingo.
- Impacto da arte sobre o medio: mínimo.
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “palangre de fondo” no seu permiso ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade.
- Observacións : as embarcacións que rexistren actividade para esta modalidade estarán autorizadas a utilizar durante o período que permaneza rexistrado ata 40 nasas como máximo para a captura de cebo, (patexo, *Polybius henslowi*. patulate, *Liocarcinus depurator* e conguito, *Liocarcinus corrugatus*). As nasas serán pechadas e de características estruturais similares ás da nasa nécora-camarón. Os exemplares capturados serán para uso propio, non podendo ser destinados á vendas. As capturas accidentais doutras especies terán que ser devoltas ao mar.

Palangrillo

- Características: constituído por unha tralla denominada madre cunha lonxitude máxima de 4.000 m do que parten cabos máis finos, denominados brazoladas ás que se empatan os anzois. Cando o uso desta modalidade teña como obxectivo a captura de congro lastrarase con pesos para que quede apoiado no fondo.
- Descanso semanal: Dende as 16:00 horas do venres ata as 16:00 horas do domingo, excepto para a captura da pescada que será dende as 24:00 horas do venres ata as 24:00 horas do domingo.
- Número de anzois por embarcación:
 - *Tipo I* : máximo de 1.000 anzois
 - *Tipo II* : máximo de 1.300 anzois
 - *Tipo III, IV, V, VI e VII*: máximo de 1.700 anzois
- Impacto da arte sobre o medio: mínimo.
- Embarcacións: todas aquelas incluídas no censo da reserva que contén coa modalidade de “palangrillo” no seu permiso. ou ben que obteñan autorización para un cambio temporal para esta modalidade.

- Observacións : as embarcacións que rexistren actividade para esta modalidade estarán autorizadas a utilizar durante o período que permaneza rexistrado ata 20 nasas como máximo para a captura de cebo, (patexo, *Polybius henslowi*. patulate, *Liocarcinus depurator* e conguito, *Liocarcinus corrugatus*). As nasas serán pechadas e de características estruturais similares ás da nasa nécora-camarón. Os exemplares capturados serán para uso propio, non podendo ser destinados á vendas. As capturas accidentais doutras especies terán que ser devoltas ao mar.

Gancha a pé

- Características: arte de marisqueo a pé consistente nun raño de pequenas dimensións con lonxitude máxima dos dentes de 150 mm. e separación mínima entre varelas de 17 mm.
- Zona de uso: praias da Lagoa , lagoa de Carrofeito e praia de Portocubelo.
- Persoas autorizadas para o seu uso: titulares de permiso de explotación para marisqueo a pé en vigor incluídas no censo da reserva.

Mergullo

Técnica utilizada para a captura de ourizo, longueirón e poliquetos.

- Características: mergullo en apnea (ata 10 metros de profundidade) e mergullo con subministro de aire dende superficie (ata 12 metros de profundidade e con tempos no fondo que non requiran descompresión).
- Embarcacións autorizadas: aquelas incluídas no censo da reserva que contan nos seus permisos de explotación coas modalidades de ourizo (Z5), longueirón (Z5) e poliquetos (Z5).
- Titulación dos participantes: todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder desenvolver a súa actividade no marco deste Plan de Xestión; de non ser así, serán excluídos da resolución de autorización mensual.
- Plan de seguridade: Deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente coa primeira solicitude de apertura.

2.3. MEDIDAS DE XESTIÓN

As medidas de xestión para as diferentes pesqueiras da Remip son as que se recollen neste epígrafe. No caso de non indicarse unha regulación específica, aplicarase o disposto na normativa xeral vixente.

No caso dos crustáceos, independentemente do seu tamaño, queda prohibida a retención a bordo, transbordo, desembarco, transporte, almacenamento, venda, exposición ou comercialización das femias ovadas dos crustáceos. No caso de seren capturadas deberán ser devoltas inmediatamente ao mar. Exceptuaranse da prohibición anterior as femias ovadas da cigala (*Nephrops norvegicus*), o cangrexo real (*Chaceon affinis*), o camarón (*Palaemon serratus*) e o percebe (*Pollicipes pollicipes*)

2.3.1. Pesqueira da nécora (*Necora puber*)

2.3.1.1. Descrición da pesqueira.

A nécora é capturada coa mesma nasa que a empregada para a captura do polbo, pasando a ser a especie obxectivo cando estas nasas son largadas en zonas concretas preto da costa e en épocas determinadas do ano.

2.3.1.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 5,5 cm. (Lonxitude do cefalotórax), medida sobre a liña mediana que vai dende o espazo interorbital ata o borde posterior do cefalotórax (LCT)
- Tope de captura: 50 individuos por tripulante enrolado e a bordo por día.
- Período de captura autorizado (2018): Coincidente co regulado por fóra do ámbito da Remip.
- Arte/s de pesca: nasa pechada.
- Especies accesorias a esta pesqueira: **Para o Polbo. Non se poderá superar o % do tope máximo por embarcación e día como especie accesoria establecido no Plan para a xestión da nécora e do camarón, coa arte de nasa de nécora e camarón que este vixente.**

2.3.2. Pesqueira do camarón (*Palaemon serratus*)

2.3.2.1. Descrición da pesqueira

O camarón é capturado coa mesma nasa que a empregada para a captura do polbo e a nécora. Non obstante, durante a veda da nécora a boca de entrada non poderá exceder de 50 mm no seu diámetro maior. Normalmente é unha especie accesoria das dúas pesqueiras citadas anteriormente, podendo pasar a ser a especie obxectivo cando estas nasas son largadas nunhas zonas moi concretas preto da costa en épocas moi determinadas do ano.

2.3.2.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 5 cm de lonxitude total (LT), medido dende o extremo distal “rostrum” ata o extremo posterior do “telson” excluindo as “setae”
- Período de captura autorizado (2018): Coincidente co do polbo.
- Arte/s de pesca: nasa pechada.
- Especies accesorias: **Para o Polbo. Non se poderá superar o % do tope máximo por embarcación e día como especie accesoria establecido no Plan para a xestión da nécora e do camarón, coa arte de nasa de nécora e camarón que este vixente.**

2.3.3. Pesqueira da centola (*Maja brachydactyla*)

2.3.3.1. Descrición da pesqueira

Na pesqueira da centola empréganse diferentes artes e útiles tales como os miños, trasmallos, as raeiras, a nasa centola e o bicheiro.

2.3.3.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 13 cm (lonxitude do cefalotórax (LCT), medida sobre a liña mediana entre ambos “rostra” ata o borde posterior do cefalotórax.
- Tope de captura: 30 individuos por tripulante enrolado e a bordo por día.
- Período de captura autorizado (2018): do 1 de xaneiro ao 29 de xuño (agás que no plan de xestión da centola para a comunidade autónoma e na provincia da Coruña se decida pechar antes do 29 de xuño); e do 09 ao 31 de decembro de 2018. Dende o 1 de maio non estará permitida a captura de femias.
- Arte/s de pesca: nasa centola, miños, raeiras, trasmallos e bicheiro ou forquilla. (“gancho”)
- Especies accesorias a esta pesqueira: raias (cando se traballe con raeiras ou miños), peixes de rocha e choco (cando se traballe con miños ou trasmallos) e nécora (con nasa de centola).

2.3.4. Pesqueira do polbo (*Octopus vulgaris*)

2.3.4.1. Regulación da pesqueira

- Peso mínimo: 1 kg
- Tope de captura e desembarco diario : Coincidente co regulado por fóra do ámbito da Remip.
- Período de captura autorizado (2018): Coincidente co regulado por fóra do ámbito da Remip.
- Arte/s de pesca: nasa pechada.
- Especies accesorias a esta pesqueira: **Para a Nécora e Camarón. Non se poderá superar o % do peso das capturas totais autorizadas para cada embarcación e día como especies accesorias establecido no Plan para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa que este vixente.**

2.3.5. Pesqueira do choco (*Sepia officinalis*)

2.3.5.1. Descrición da pesqueira

O choco péscase con artes de enmalle. En determinadas épocas do ano convértese en especie obxectivo ao largar os aparellos naquelas zonas onde é máis factible capturar este recurso.

2.3.5.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 8 cm. Lonxitude dorsal do manto (LDM)
- Período de captura autorizado (2018): todo o ano
- Arte/s de pesca: miños e trasmallos
- Especies accesorias a esta pesqueira: raias e peixes de rocha cando se traballe con miños ou trasmallos.

2.3.6. Pesqueira da raia (*Raja spp.*)

2.3.6.1. Descrición da pesqueira

A raia péscase con artes de enmalle, sendo especie obxectivo en determinadas épocas do ano especies accesorias varían dependendo da arte utilizada.

2.3.6.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 40 cm.
- Período de captura autorizado (2018): todo o ano
- Arte/s de pesca: artes de enmalle
- Especies accesorias a esta pesqueira: centola, peixes de rocha e choco.

Esta pesqueira está supeditada ao disposto na normativa comunitaria sobre as variedades desta especie que estean prohibidas ou limitadas con porcentaxe de capturas e que se publican nos regulamentos de TAC e cotas de cada ano.

2.3.7. Pesqueira dos peixes de rocha: sargo (*Diplodus sargus*), (*Diplodus vulgaris*) e maragota ou pinto (*Labrus bergylta*)

2.3.7.1. Descrición da pesqueira

Estes peixes péscanse con artes de enmalle e palangrillo, sendo especies obxectivo en determinadas épocas do ano. As especies accesorias varían dependendo da arte utilizada.

2.3.7.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 22 cm para o sargo e 20 cm, para a maragota/pinto
- Período de captura autorizado (2018): todo o ano
- Arte/s de pesca: artes de enmalle e anzol
- Especies accesorias a esta pesqueira: centola e choco

2.3.8. Pesqueira de peixes demersais: faneca (*Trisopterus luscus*), pescada (*Merluccius merluccius*) e badexo (*Pollachius pollachius*)

2.3.8.1. Descrición da pesqueira

Estes peixes péscanse con artes de enmalle e de anzol sendo as especies obxectivo en determinadas épocas do ano. As especies accesorias desta pesqueira varían dependendo da arte utilizada.

2.3.8.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 30 cm para o badexo; 15 cm para a faneca e 27 cm para a pescada.
- Período de captura autorizado (2018): todo o ano
- Arte/s de pesca: artes de enmalle e anzol
- Especies accesorias a esta pesqueira: maragota

2.3.9. Pesqueira do congro (*Conger conger*)

2.3.9.1. Descrición da pesqueira

O congro captúrase na reserva con palangre de fondo e palangrillo, en épocas puntuais do ano, sobre todo durante a veda do polbo.

2.3.9.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 58 cm
- Período de captura autorizado (2018): todo o ano
- Arte/s de pesca: palangre de fondo para congro e palangrillo para congro
- Especies accesorias a esta pesqueira: maragota e pintos.

2.3.10. Pesqueira da sardiña (*Sardina pilchardus*)

2.3.10.1. Descrición da pesqueira

O xeito é unha arte de pesca que se utiliza só en épocas moi concretas.

2.3.10.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 11 cm
- Período de captura autorizado (2018): Do 1 de maio ao 29 de setembro
- Arte/s de pesca: xeito
- **Topes de captura: Coincidente co aprobado no plan de xestión da sardiña con arte de xeito no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que estea vixente**

2.3.11. Pesqueira do percebe (*Pollicipes pollicipes*)

2.3.11.1. Descrición da pesqueira

É unha extracción absolutamente selectiva porque o recurso a extraer é totalmente visible, o que permite realizar unha certa selección dos exemplares, tendo en conta que ao tratarse dunha especie que vive formando agregados, xunto cos exemplares de tamaño comercial se podan arrancar outros que carecen deste interese comercial. É unha especie que acada un elevado prezo de venda, sobre todo en épocas puntuais onde a súa cotización acada valores moi elevados.

2.3.11.2. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 15 mm (DBC) no diámetro maior da base do capítulo medido a altura das placas inferiores (dende a base do rostro ata a base da carena). Cando se presente formando piñas, polo menos o 60% do peso da piña deberá estar constituído por exemplares que acaden o tamaño mínimo.
- Embarcacións/habilitacións/permisos a pé: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Ampliacións/coberturas de vacantes: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Cotas máximas de captura diarias: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Período autorizado e días máximos: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Arte: rasqueta cun ancho máximo de 3 cm e trueiro
- Horario de traballo: dende dúas horas e media antes ata dúas horas despois da baixamar diúrna, sen exceder das 18.00 horas.
- Zona de traballo:
 - Embarcación: zonas E (de CM-007 a CM-0013), F (de CM -014 a CM-021), G (de CM -003 a CM-006) e dende Lombo da Campa ata punta Insua (CM-011 e CM-012).
 - Zona E: baixos denominados Miñarzos, Seixo, Liboreiro, petón de Cabalar, pedra de Ardeleiro, punta de Prouso Rubio, laxiñas da Illa, As Roncadoras e Seixiño da Cruz.
 - Zona F: baixos denominados Coca, Corbeiro, Corniños, pedra Pas, laxa Mar de Lira, A Marsiosa, Mexilloeira, illa dos Carreiros e As Laxiñas.
 - Zona G: baixos denominados Forcados, petóns dos Forcados e illa de Angueiro.
 - A pé: zonas B (CM-022), C (CM-023), D (CM-024) e dende Lombo da Campa ata punta Insua (CM-025).
 - Zona B: de Maceiras (sur da praia de Carnota) á esquina do campo de fútbol.
 - Zona C: da esquina do campo de fútbol á O Curro.
 - Zona D: do Curro ata punta Raposeiros (Lombo da Campa).
- Punto de control: na lonxa do peirao de Portocubelo e na propia zona de extracción ou no mar.

2.3.12. Pesqueira do ourizo (*Paracentrotus lividus*)

2.3.12.1. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo:
 - *Embarcación:* 55 mm. ao longo do diámetro da casca sen púas (DD)
 - *A pé:* 60 mm de diámetro. ao longo do diámetro da casca sen púas (DD)
- Embarcacións/habilitacións/permisos a pé: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Ampliacións/coberturas de vacantes: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Cotas máximas de captura diarias: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Período autorizado e días máximos: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Modalidade:
 - *Embarcación:* mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
 - *A pé*
- Horario de traballo
 - *Embarcación:* de 8.00 horas a 15.00 horas de luns a venres en días laborais.
 - *A pé:* dende dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna sen exceder das 18.00 horas.
- Zona de traballo:
 - *Embarcación:* zonas 1, 2 e 3
 - Zona 1: “*Por dentro*”, que inclúe a zona de por terra dos Forcados, por terra da Laxa dos Forcados, A Fos, Pedra Pás, Corniños, punta do muelle, punta Rebordelo, Mar de Lira, Sesebe, Corveiro e Caixido.
 - Zona 2: “*Os baixos*”, que inclúe a zona de por fóra dos Forcados, Os Cubertos, Rama, Miñarciño, As Olgas, Os Cachazos, Os Miñarzos, Libureiro, Angueiro e punta dos Remedios.
 - Zona 3: “*A costa*”, inclúe O Seixo, Punta Cabalar, O Cabezo de Figueiroa Ximprón, Ardeleiro e o Lombo da Campa.
 - *A pé:* zonas B(CM-022), C(CM-023), D(CM-024) e dende Lombo da Campa ata punta Insua(CM-025).
 - Zona B: de Maceiras (sur da praia de Carnota) á esquina do campo de fútbol.
 - Zona C: da esquina do campo de fútbol á O Curro.
 - Zona D: do Curro ata punta Raposeiros (Lombo da Campa).
- Punto de control: lonxa de Lira (a pé) e rampa norte do peirao de Lira (mergullo). Todas as embarcacións autorizadas para a extracción deste recurso no ámbito da reserva están obrigadas a pasar por este punto de control, independentemente de cal sexa o seu porto base.

As embarcacións que despachan a ourizo poderán solicitar un documento de orixen na súa confraría o día anterior a realizala pesqueira, e cubrir o dato de kg capturados ao finalizar a xornada de pesca. Obrigatoriamente deberán pasar polo punto de control (rampa norte do peirao de Lira) e ao chegar a súa lonxa de venta, deberán obter o documento de rexistro vinculado a ese documento de orixen.

Si non solicitan o documento de orixen o día anterior na súa confraría, poderán descargar a mercancía na lonxa de Lira, pesala e obter o documento de orixen nela. Despois volverán a cargar a mercancía na embarcación e ao chegar a súa lonxa de venta deberán obter o documento de rexistro vinculado ao documento de orixen expedido na lonxa de Lira.

■ **Zona de veda temporal para o ano 2018:** A delimitación da zona é seguinte:

Inclúe a poligonal recta definida polas referencias toponímicas seguintes, dende o sur a o norte, abranguendo unha superficie aproximada de 781 ha (7,8 km²) (ver figura 4):

	Latitude	Lonxitude
1. Lombo da Campa.	42° 47,151' N	09° 07,872' W
2. Pedra de Ardeleiro.		
3. Petóns da Figueiroa.	42° 47,072' N	09° 09,647' W
4. O Libureiro.		
5. Por fóra da Laxa dos Forcados.		
6. A Araña (límite norte da Reserva Integral Norte)	42° 49,244' N	09° 06,645' W



Delimitación da Remip “Os Miñarzos” (liña branca) e da zona de veda para a protección do ourizo (liña amarela).

2.3.13. Pesqueira do berberecho e da ameixa fina (*Cerastoderma edule*, *Ruditapes decussatus*).

2.3.13.1. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 25 mm para o berberecho e 40 mm no caso da ameixa fina. Medirase o eixo maior ou anteroposterior (LAP)
- Número de permisos a pé: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Ampliacións/coberturas de vacantes: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Cotas máximas de captura diarias: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Período autorizado e días máximos: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Arte: sacho, rastrillo e gancha a pé
- Horario de traballo: dende dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, sen exceder das 18.00 horas.
- Zona de traballo: zona A (da boca do río a Maceiras), praia da Lagoa (CM-072), Lagoa de Carrofeito e praia de Portocubelo (CM-171).
- Punto de control: Lonxa do peirao de Portocubelo.
- Renovación dos permisos de explotación e as tarefas de vixilancia e semicultivo: Coincidente coa aprobado nos plans de explotación correspondentes.

2.3.14. Pesqueira do longueirón (*Ensis siliqua*)

2.3.14.1. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 100 mm, medido o eixo maior ou anteroposterior (LAP).
- Embarcacións/mergulladores: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Ampliacións/coberturas de vacantes: Coincidente co aprobado no plans de explotación correspondentes.
- Cotas máximas de captura diarias: Coincidente co aprobado no plan de explotación
- Período autorizado e días máximos: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Horario de traballo: Das 08:00 horas a 14:00 horas de luns a venres en días laborais.
- Zona de traballo: praia de Carnota (CM-059).
- Punto de control: o punto de control está situado na rampa norte do peirao de Lira. Todas as embarcacións autorizadas para a extracción deste recurso no ámbito da reserva están obrigadas a pasar por este punto de control, independentemente de cal sexa o seu porto base.

2.3.15. Pesqueira da lapa (*Patella* spp.)

2.3.15.1. Regulación da pesqueira

- Tamaño mínimo: 20 mm. Medirase pola lonxitude no seu eixo maior (LEM)
- Nº permisos a pé : Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Ampliacións/coberturas de vacantes: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Cotas máximas de captura diarias: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Período autorizado e días máximos: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.

- Arte: coitelo
- Horario de traballo: dende dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, sen exceder das 18:00 horas.
- Zonas de traballo: zonas B(CM-241), C(CM-242), D(CM-243) e dende Lombo da Campa ata punta Insua(CM-240).
 - Zona B: de Maceiras (sur da praia de Carnota) á esquina do campo de fútbol..
 - Zona C: da esquina do campo de fútbol á O Curro .
 - Zona D: do Curro ata punta Raposeiros (Lombo da Campa)
- Punto de control: lonxa do peirao de Portocubelo

2.3.16. Pesqueira da mexilla (semente de *Mytillus galloprovincialis*)

2.3.16.1. Regulación da pesqueira

- Embarcacións/habilitacións/permisos a pé :
 - *Embarcacións/habilitacións*: 9/19
 - *Permisos a pé*: 9

O número de participantes será coincidente co número de embarcacións/habilitacións/permisos a pé vixentes.
- Cotas máximas de captura diarias: O tope de captura virá marcado polo número de bateas coas que se asine convenio para abastecelas e ata un máximo de 3.500 kg por batea.
- Período autorizado e días máximos: o mesmo que no resto de Galicia, cun máximo de 70 días para ambas modalidades de extracción
- Arte: rasqueta
- Horario de traballo: dende dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna, sen exceder das 18:00 horas. Darase un marxe de unha hora a maiores para poder transportar os sacos de mexilla.
- Zona de traballo:
 - *Embarcación*: zonas E, F, G e dende Lombo da Campa ata punta Insua.
 - Zona E: baixos denominados Miñarzos, Seixo, Liboreiro, petón de Cabalar, pedra de Ardeleiro, punta de Prouso Rubio, laxiñas da Illa, As Roncadoras e Seixiño da Cruz.
 - Zona F: baixos denominados Coca, Corbeiro, Corniños, pedra Pas, laxa Mar de Lira, A Marsiosa, Mexilloeira, illa dos Carreiros e As Laxiñas.
 - Zona G: baixos denominados Forcados, petóns dos Forcados e illa de Angueiro.
 - *A pé*: zonas B, C, D e dende Lombo da Campa ata punta Insua.
 - Zona B: de Maceiras (sur da praia de Carnota) á esquina do campo de fútbol.
 - Zona C: da esquina do campo de fútbol á O Curro.
 - Zona D: do Curro ata punta Raposeiros (Lombo da Campa).
- Punto de control: o punto de control está ubicado na rampa norte do peirao de Lira.
- Observacións: a extracción da mexilla será realizada polas embarcacións que contén coa modalidade de "percebe" no seu permiso de explotación ou ben polas persoas que estean en posesión dun permiso de explotación a pé. En ambos os dous casos deberán estar inscritos no censo da Remip e que existan acordos de colaboración entre a confraría de Lira e os concesionarios de bateas ou liñas para o cultivo de mexillón. Para un mellor control da actividade as embarcacións deberán rexistrar a súa actividade telematicamente no apartado de adhesión a un plan "EXTRACCIÓN MEXILLA-REMIP OS MIÑARZOS (2016)".

2.3.17. Pesqueira de poliquetos (*Lumbrinereis impatiens*, *Hediste diversicolor*, *Arenicola marina*)

Resérvase coma zona para a extracción de poliquetos para os pescadores de lecer a Lagoa de Carrofeito, dentro da zona A, no ámbito da Remip Os Miñarzos, quedando delimitada polas seguintes coordenadas:

Lagoa de Carrofeito (DATUM WGS 84)

vértice	latitude	lonxitude
1	42° 50,189'	009° 06,178'
2	42° 50,121'	009° 06,198'
3	42° 50,024'	009° 06,202'
4	42° 50,119'	009° 06,122'
5	42° 50,033'	009° 06,103'

2.3.17.1. Regulación da pesqueira

- Embarcacións/mergulladores/permisos a pé : Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Ampliacións/coberturas de vacantes: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Non se compatibilizará a extractiva, na modalidade de a pé, de moluscos bivalvos e poliquetos
- Cotas máximas de captura diarias: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Período autorizado e días máximos: Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.
- Arte: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie e a pé
- Horario de traballo
 - *Embarcación*: de 08.00 horas a 14.00 horas de luns a venres en días laborais
 - *A pé*: dende dúas horas e media antes ata dúas horas e media despois da baixamar diúrna sen exceder das 18.00 horas.
- Zona de traballo: zonas A, B, C, D e dende Lombo da Campa ata punta Insua.
 - Zona A: da boca do río a Maceiras, praia da Lagoa e lagoa de Carrofeito..
 - Zona B: de Maceiras (sur da praia de Carnota) á esquina do campo de fútbol. (Nesta zona inclúese a Praia de Portocubelo)
 - Zona C: da esquina do campo de fútbol á O Curro.
 - Zona D: do Curro ata punta Raposeiros (Lombo da Campa).
- Punto de control: instalacións da confraría

TÁBOA 1: Resumo das medidas de xestión para os recursos pesqueiros capturados na reserva

Especie-Recurso	Período Autorizado	Cotas máximas de captura/día	Talla mínima	Especies accesorias a esta pesqueira
Nécora	Coincidente co regulado por fora do ámbito da Remip.	50 ud/tripulante/día	5,5 cm.	Para o Polbo. Non se poderá superar o % do tope máximo por embarcación e día como especie accesoria establecido no Plan para a xestión da nécora e do camarón, coa arte de nasa de nécora e camarón que esté vixente.
Camarón	Coincidente co do polbo	-	5 cm.	Para o Polbo. Non se poderá superar o % do tope máximo por embarcación e día como especie accesoria establecido no Plan para a xestión da nécora e do camarón coa arte de nasa de nécora e camarón que esté vixente.
Centola	1 xaneiro ata 29 de xuño (agás que na CAG o peche da extracción sexa anterior ao 29 de xuño). Dende o 1 de maio non está permitida a captura de femias 9 de decembro ao 31 de decembro	30 ud/tripulante/día	13 cm.	Non se poderá superar o 20% en peso total diario das capturas retidas a bordo
Polbo	Coincidente co regulado por fora do ámbito da Remip	Coincidente co regulado por fora do ámbito da Remip	1 kg.	Para a Nécora e camarón. Non se poderá superar o % do peso das capturas totais autorizadas para cada embarcación e día como especies accesorias establecido no Plan para a xestión do polbo (<i>Octopus vulgaris</i>) con nasa que esté vixente.
Choco	Todo o ano	-	8 cm.	
Raia	Todo o ano. (<i>Supeditada ao dispostos pola normativa comunitaria sobre as variedades desta especie que estean prohibidas ou con porcentaxes de captura</i>)	-	40 cm.	
Sargo	Todo o ano	-	22 cm.	
Maragota/Pinto	Todo o ano	-	20 cm.	
Faneca	Todo o ano	-	20 cm.	
Pescada	Todo o ano	-	27 cm.	
Abadexo	Todo o ano	-	30 cm.	
Congro	Todo o ano	-	58 cm.	
Sardiña	1 de maio – 29 setembro	Coincidente co aprobado no plan de xestión da sardiña con arte de xeito no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que estea vixente	11 cm.	

TÁBOA 2: Resumo das medidas de xestión para os recursos marisqueiros capturados na reserva

Recursos	Modalidade	Nº embarcacións	Nº mariscadores Nº tripulantes Nº mergulladores	Nº días de extracción	Tope diario/ mariscador	Talla mínima
Percebe	A pé	-	**	**	**	15 mm.
	Embarcación	**	**	**	**	
Ourizo	A pé	-	**	**	**	60 mm
	Embarcación	**	**	**	**	55 mm
Berberecho	A pé	-	**	**	**	25 mm
Ameixa fina	A pé	-	**	**	**	40 mm
Longueirón	Embarcación	**	**	**	**	100 mm
Mexilla	A pé	-	**	**	*	-
	Embarcación	**	**			
Lapa	A pé	-	**	**	**	20 mm
Poliquetos	A pé	-	**	**	**	-
	Embarcación	**	**	**		

(*) As establecidas segundo os diferentes convenios asinados entre as confrarías e os concesionarios de bateas ou liñas de cultivo, e ata un máximo de 3.500 Kg por batea, sempre e cando o estado do recurso o permita.

(**) Coincidente co aprobado nos plans de explotación correspondentes.

3. AS MEDIDAS DE CONTROL NA RESERVA

3.1. O control das capturas

O Decreto 87/2007 do 12 de abril, modificado polo Decreto 241/2008, de 2 de outubro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, establece no seu artigo 7 as condicións de acceso á reserva e determina que será preciso que as embarcacións estean inscritas nun censo específico para realizar as actividades descritas no seu artigo 5

A Resolución do 8 de agosto de 2016, pola que se aproba o censo definitivo de embarcacións autorizadas a faenar na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos:

establece as condicións que deberán cumprir as embarcacións para desenvolver a actividade pesqueira na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos:

a) Permitir a instalación dun sistema de localización conectado ás baterías principais e de reserva da embarcación, o que impide o seu apagado mentres a embarcación estea operativa (art, 7.3 da Orde do 27 de novembro de 2007, modificada pola Orde do 26 de febreiro de 2009: <<Para facilitar os labores de seguimento e control da actividade pesqueira e/ou marisqueira, os armadores das embarcacións inscritas no censo deberán permitir a instalación de dispositivos de identificación>>).

b) Comunicar telefonicamente ou por radio VHF, a entrada e saída na Remip-Os Miñarzos (artigo 7.1 da Orde do 27 de novembro de 2007: <<todos aqueles que efectúen a actividade pesqueira e/ou marisqueira no ámbito da reserva deben comunicarlle ao persoal asignado á xestión, seguimento e control da reserva a súa entrada na zona da reserva mariña, identificarse convenientemente e notificarlle as capturas no momento de acceder á reserva. Así mesmo, deben notificar a súa saída, o número de artes caladas ou empregadas e as capturas realizadas na zona da reserva. Estas comunicacións deben efectuarse de maneira que lle permitan ao órgano de xestión, seguimento e control realizar a comprobación dos datos transmitidos>>).

c) Comunicación das capturas. Esta información será enviada semanalmente á persoa responsable do seguimento científico a través de estadillos específicos. A información será tratada de xeito confidencial e poderá ser utilizada exclusivamente con fins científicos e de xestión.

En consonancia con isto, e unha vez rematada a instalación dos sistemas de localización, habilitáronse ferramentas para facilitar o seguimento da actividade pesqueira no ámbito da Remip. Estas ferramentas son: despacho diferenciado "Reserva mariña Os Miñarzos" e comunicación das capturas ás confrarías de pescadores á que estean asociadas as embarcacións;

As persoas armadoras das embarcacións incluídas no censo, cando pretendan faenar no ámbito da reserva, seleccionarán a arte á que desexan traballar. A continuación, deberán confirmar se o despacho é para traballar na reserva mariña ou non.

Finalmente, sen prexuízo do anterior, as embarcacións deberán comunicar á confraría á que están asociadas a información relativa ás capturas realizadas fóra da reserva coas que accede ao seu interior. A saída na reserva volverá a comunicar as capturas realizadas dentro do seu ámbito.

As entidades asociativas do sector con embarcacións incluídas no censo deberán remitir semanalmente a seguinte información de cada unha das embarcacións que desenvolvan a súa actividade no ámbito da reserva:

- a) Identificación da embarcación (nome, folio e matrícula).
- b) Quilos e/ou pezas por especie das capturas realizadas fóra da reserva coas que accede ao seu interior.
- c) Á saída da reserva. Quilos e/ou pezas por especie capturadas dentro da reserva e número de aparellos que utilizou ou que deixa caladas no interior da reserva.

O envío de datos farase preferentemente en formato Excel e serán remitidos ao servizo de Planificación, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ao correo electrónico: planificacion.mar@xunta.gal

3.2. O control das descargas

O elemento clave do seguimento dos desembarques é o establecemento de **puntos de control** para a recompilación de datos fiables sobre o estado dos recursos e comprobar o cumprimento das medidas de xestión vixentes nas augas da reserva e, noutro caso, as establecidas pola normativa xeral: pesaxe de todas as capturas, topes fixados, tallas mínimas, exemplares ovados,... Para isto, no punto de control o persoal encargado do seguimento técnico biolóxico recompilará información adicional, pero imprescindible para coñecer o esforzo pesqueiro que realmente se está aplicando: número de caceas, ... Toda esta información é fundamental para que o equipo de seguimento científico da reserva poida analizar e valorar a influencia das medidas de ordenación e xestión sobre os recursos pesqueiro e marisqueiros, e servirá de base á hora de elaborar os informes técnicos que se remitirán ao Oxesco para, no seu momento, propoñer novas medidas e/ou modificacións das xa existentes.

Nos informes do seguimento científico da reserva non figurará información de xeito nominal, polo que non se incluírán nomes de embarcacións ou de mariscadoras.

3.3. Sistema de control do esforzo

Para asegurar a sustentabilidade das pesqueiras no ámbito da Remip-Os Miñarzos, establececese o seguinte sistema de control do esforzo:

- a) Créase unha **bolsa de esforzo anual** sobre a base dos resultados do seguimento científico realizado no ano 2016.
- b) Non computan na bolsa de esforzo as embarcacións inscritas no censo con porto base en Lira.
- c) A bolsa de esforzo anual xestionase por campañas de pesca e non por anos naturais. A campaña de pesca comezará o 1 de xullo de cada ano e rematará o 30 de xuño do ano seguinte.
- d) Para cada campaña o esforzo realizado mídese en **tempo de faena** das embarcacións inscritas no censo (agás as de Lira) dentro dos límites da reserva. Para o cómputo do tempo de faena utilízanse todas as modalidades de pesca.

e) Para a campaña 2016-17 a bolsa de esforzo será de **4.000 horas**. O control do esforzo en 2016- 2017 é de 541 horas e durante os meses de xullo, agosto e setembro da campaña 2017 e 2018 van 210,50 horas.

f) No suposto de que a bolsa de esforzo se esgotase antes de rematar a campaña anual de pesca, poderá incrementarse a dita bolsa ata un máximo do 15%, que automaticamente se detraerá da bolsa da campaña seguinte. Se durante dous anos consecutivos se precisase de transvase de esforzo, procederase a revisión da bolsa de esforzo.

3.4. O protocolo dos puntos de control

Os punto de control establécese nas respectivas lonxas para todas as especies, excepto para o ourizo, a mexilla e o longueirón que estará na rampa norte do porto de Lira.

No caso do ourizo, a mexilla e o longueirón o punto de control será obrigatoriamente na rampa norte do porto de Lira, independentemente de cal sexa o porto base da embarcación.

No caso do percebe dende embarcación, cando sexa posible o control farase nas propias zonas de extracción ou no mar. En caso de non ser posible, o control farase no punto establecido.

Os profesionais que realizan a súa actividade a pé, e que entren ou saian do ámbito da reserva deberán declarar as capturas, tanto as de fóra como as de dentro, nos puntos de control establecidos.

Ademais de todo o anterior, todas as embarcacións do censo estarán sometidas a controis esporádicos e aleatorios no mar por parte do servizo de vixilancia da reserva.

Os responsables dos puntos de control serán o persoal asinado a vixilancia da reserva mariña ou no seu defecto os vixilantes das distintas confrarías con embarcacións incluídas no censo da reserva mariña.

3.5. Mostraxes

Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería poderán realizar en calquera das embarcacións participantes, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración, neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan e por ende a baixa no censo da REMIP-Os Miñarzos.